



CIRCULAR 48-2019.

V CAMPIONATO DE GALICIA SUB20, SUB23, ABSOLUTO E MÁSTER DE TRAIL

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo, o Concello de A Pobra e a Asociación Atletismo e Deportes do Barbanza organizan o V Campionato de Galicia de Trail que terá lugar o domingo **día 19 de maio** do 2019 no Mirador da Curotiña (A Pobra).

Art.2) Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
 3. Atletas non galegos/as convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo da Asemblea os atletas estranxeiros da categoría sub20 en adiante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 14 de maio do 2019.**

Art.4) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación persoal. A cámara de chamadas estará aberta entre as 10h e as 10:15. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificados. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.

Art.5) Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquer outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7) Horario, lugar de saída e distancia:

10.30h: Saída de Mirador da Curotiña (A Pobra). Distancia 23,3km aprox.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.8) Haberá postos de avituallamento para os participantes, dous no percorrido e un na liña de meta.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 14 de abril de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo